

4. A construción do estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as diferentes familias políticas)

A partir dos seguintes documentos, faremos unha composición de texto histórico sobre a construción do Estado liberal durante o reinado de Sabela II (1833-1868)

O liberalismo é una ideoloxía de orixe burgués que pretende abolir as estruturas do Antigo Réxime e defende unha serie de principios políticos fundamentais coma igualdade ante a lei, dereitos e liberdades individuais inalienables ou división de poderes. A construción do Estado liberal en España transcurre principalmente durante o reinado de Sabela II, época na que se implanta de xeito definitivo, e oscila entre dúas grandes familias políticas, os progresistas (que posúen características vencelladas a corrente liberal democrática) e os moderados (con características máis próximas ao liberalismo doutrinario). Co tempo aparecerán máis familias políticas enriquecendo o espectro ideolóxico, incluso instauráronse un verdadeiro sistema democrático durante o sexenio de 1868 a 1874.

No 1829 Fernando VII casa con María Cristina de Borbón e ten dúas fillas: Sabela e Luísa Fernanda, pero a Lei Sálica introducida por Felipe V no 1700 impedía a sucesión no trono ás mulleres. Por iso no 1830 Fernando promulga a Pragmática Sanción, que é a derogación parcial da Lei Sálica e proclama a Sabela herdeira da súa coroa. O seu irmán Carlos e os seus partidarios opóñense e tras a morte de Fernando no 1833, reclama a coroa ao mesmo tempo que a raíña María Cristina o fai para a súa filla. Este choque de intereses propicia o estoupido da primeira guerra carlista. Os carlistas eran de ideoloxía tradicionalista, é dicir, ultraconservadores e antiliberais que defendían a permanencia dos valores políticos, sociais e relixiosos tradicionais (anteriores á revolución liberal). Os carlistas defendían especialmente os valores católicos, o recoñecemento dos privilexios forais de vascos, navarros e cataláns e o dereito a reinar en España do infante Carlos de Borbón.

A raíña convértese en rexente do reino no nome da súa filla e para asegurar os dereitos no trono desta última, busca apoios entre os sectores máis moderados do liberalismo. Os que antes eran perseguidos agora forman alianza fronte ao carlismo. Mediante pequenas reformas Martínez de la Rosa crea o Estatuto Real no 1834, unha Carta Outorgada na que a Coroa admitía a participación política da vella nobreza e a burguesía. Establecía a soberanía do monarca, unhas Cortes bicamerais, unha escasa participación cidadán e non contaba cos dereitos individuais nin cunha separación de poderes, polo que a maior parte dos liberais considerárono insuficiente e estaban en contra.

María Cristina confiou o goberno a Mendizábal, político progresista, que realizou numerosas reformas para intentar calmar as protestas populares a raíz da guerra (influencia das vagas revolucionarias de 1830) entre as que destacan a desamortización dos bens do clero regular para obter fondos para financiar a guerra e a redención de quintas, que favorecía ás clases poderosas porque así podían librarse do servizo militar para así, debilitar ao clero (que apoiaba ao carlismo) e gañar a burguesía á causa progresista. Mendizábal gobernará coa Constitución de 1812, ata que no 1837 promúlgase unha nova Constitución elaborada por Cortes constituíntes que adopta os principios do liberalismo progresista. A predilección da raíña rexente polos moderados fixo que os progresistas fosen desprazados no poder e o intento dos moderados de modificar as leis fixo que os progresistas, encabezados por Espartero, pretendesen establecer unha correxencia. A raíña negábase a aceptar limitacións do seu poder, o que provoca a súa renuncia á rexencia e o seu exilio a Francia no 1840.

A partir de 1840 Espartero foi rexente, pero a súa desamortización do clero secular (1841) e o seu intento de reducir os privilexios de Navarra e País Vasco provocou un descontento xeral (bombardeo de Barcelona). A mediados de 1843, os moderados e os

4. A construción do estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as diferentes familias políticas)

progresistas únense e o triunfo de diversos pronunciamentos obriga a Espartero a renunciar á rexencia e exiliarse en Londres.

O novo Goberno estivo dominado polo xeneral Narváez, líder moderado, quen adiantou a maioría de idade de Sabela para que comezase o seu reinado persoal en novembro de 1843 con trece anos. A nova raíña tiña unha escasa formación, era moi supersticiosa e ademais, tivo un matrimonio desgraciado co seu curmán Francisco de Asís, polo que mantiña unha vida amorosa extramatrimonial que tivo unha fonda repercusión política.

A finais de 1843, os progresistas son desprazados do poder e os moderados, contando co apoio real e dirixidos por Narváez, convocan novas Cortes e promulgan a Constitución de 1845. Tras isto, os moderados continuaron modificando o sistema político nun período coñecido como Década Moderada (1844-1854). Con estes cambios pretendían favorecer as clases moderadas. Entre outros, crean a Garda Civil. Pero as reformas ocasionaron numerosas protestas.

En Galicia, os progresistas realizaron en 1846 un pronunciamento encabezado por Miguel Solís, pero as tropas sublevadas foron derrotadas e Solís e once oficiais, fusilados en Carral (Mártires de Carral).

No 1854, os progresistas e os moderados descontentos protagonizan o pronunciamento da Vicalvarada, encabezado por O'Donnell e cun programa (Manifesto de Manzanares), co que pretendían reformar o sistema vixente. A raíña, atemorizada polos motíns, nomeou a Espartero xefe do Goberno e a O'Donnell ministro de Guerra. As novas Cortes elaboraron unha Constitución que non se promulgou, a de 1856 ou "non nata", na que se limitaban os poderes da Coroa. Os gobernos progresistas aprobaron a Lei de desamortización xeral de Madoz (1855), que consistía na expropiación e venda de bens propios e comunais, o que empeorou a vida de moitos campesiños e coa que se conseguían fondos para financiar a Lei do ferrocarril (1855) e modernizar España. Esta etapa coñécese como Bienio Progresista (1854-1856).

Pero a inestabilidade política fixo que no 1856 O'Donnell dese un golpe de estado e desprazase a Espartero no poder. Comeza así a Década Moderada ou Unionista (1856-1866). A Constitución de 1845 é restaurada e a política da Unión Liberal (moderados e parte dos progresistas), leva a cabo unha campaña de exaltación patriótica dentro e fóra da península (guerra do Pacífico entre outras). A partir de 1866, as discrepancias entre a raíña e O'Donnell rematan cunha profunda crise política e a súa expatriación a Francia. Narváez asume a presidencia e goberna de forma ditatorial (Bienio ultramoderado: 1866- 1868). Tamén nacerón dous partidos que ocuparán o espectro do liberalismo democrático máis puro: o partido demócrata e o republicano.

No exilio os progresistas e os demócratas (antigos progresistas monárquicos) unen as súas forzas para derrocar a Sabela (pacto de Ostende, 1866 e pacto de Bruxelas, 1867). Tras a morte de O'Donnell, os unionistas encabezados por Serrano contactan coas forzas antiborbónicas. Pouco despois morre Narváez. A raíña estaba soa e en setembro de 1868 a revolución coñecida como Gloriosa ou Setembrina expulsa a Sabela de España. Isto abrirá a posibilidade de configurar un novo sistema político baseado nos principios do liberalismo democrático e nos intereses das clases medias.

En síntese, no século XIX presénciase a división do liberalismo en dúas tendencias principais: o doutrinario, que predomina durante a maior parte do periodo presentando división entre moderados e progresistas; e o democrático, minoritario (Sexenio Democrático 1868-74). O réxime político dominante en España foi a monarquía constitucional favorable aos intereses das clases burguesas e aristocráticas, que

4. A construción do estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as diferentes familias políticas)

mantivo fora de xogo político á maioría do país. Un réxime oligárquico, cunha clase política (incluídos os monarcas) de miras limitadas e intransixentes que pretendía simplemente asegurar o seu monopolio do poder e protexer a súa hexemonía social e económica.